

BANDO

NORMAS PARA OS LUMIÑOS OU CACHARELAS DE SAN XOÁN

O Concello de Muros lémbrales aos veciños que para realizar os lumiños ou cacharelas de San Xoán na noite do día 23 de xuño **deberán pasar polo concello a solicitalo antes do 18 de xuño de 2018 e terán que ter en conta as seguintes normas:**

1. A larada ou cacharela situarase nun lugar seguro de maneira que non exista perigo de propagación accidental ás casas, instalacións ou terreos agrícolas próximos.

De calquera xeito, deixarase unha franxa de polo menos 5,00 metros de ancho arredor do lumiño limpa e libre de calquera elemento combustible.

2. Está prohibido facer as laradas nos xardíns e parques públicos, nos terreos forestais e nas proximidades das masas arbóreas.

3. Cando a cacharela se faga na vía pública, haberá que pór moito coidado en que o lume non estrague o pavimento ou o equipamento e as instalacións de servizo público (mobiliario urbano, conducións de auga, liñas eléctricas ou telefónicas, etc.). En todo caso os organizadores encargaranse, pola súa conta, de protexer o pavimento cunha capa de area de 10 cm. en toda a superficie da fogueira.

4. Débese prestar atención para que a calor ou o lume non lles afecte ás plantas e ás árbores, polo que a cacharela afastarase delas un mínimo de 15 metros.

5. Non se poderá prender a larada con líquidos inflamables nin queimar nela produtos contaminantes (gomas, pneumáticos, plásticos...)

6.-Non se poderá aproveitar para queimar residuos ou restos domésticos, forestais ou agrícolas, xa que é motivo de denuncia. (En caso de non estar suspendidos os permisos, deberase pedir unha comunicación ou autorización, para restos agrícolas e forestais).

7. Non se poderá abandonar a larada ata estar seguros de que o lume quedou completamente apagado, debendo retirar todos os restos que queden unha vez rematado o evento.

8.- As autorizacións outorgadas non eximirán, en ningún caso, das responsabilidades por danos e prexuízos a que houber lugar no caso de que concorrese negligencia ou imprudencia.

9.- As Cacharelas poderán ser revisadas polos servizos municipais para ver se cumpren a normativa esixida.

Muros, na data que figura na marxe

Asinado dixitalmente pola alcaldesa D^a María Xosé Alfonso Torres